# FIADEIRO



DIA DAS LETRAS GALEGAS

17 MAIO 1989

C.P. DE BELUSO

# SUMARIO

PORTADA E CONTRAPORTADA(Debuxos: Sergio Mariño)

SAÚDO

CELSO EMILIO FERREIRO

CONCELLOS DE GALICIA

MAIOS

EX-ALUMNOS

TRABALLOS LITERARIOS

SONATINAS

O PEQUENO XURXO

RISAS-CHISTES

RUMORES

PASATEMPOS

# SAÚDO

Neste periódico escolar queremos honrar a Celso Emilio Ferreiro ó que recordamos no decenio da súa morte.

María Fernández Barreiro,8º A

Un saúdp sincero para o noso mestre de máquina de escribir e a nosa mestra de costura.Un sorriso para o Sr. Manolo Barros,pola súa adicación á música galega. Dexeso igualmente saudar ós mestres de baile e a Antonio Davila que tanto está facebdo pola cultura na nosa parroquia.Espero non haber deixado sen lembrar a ninguén.

María Rita Dacosta Rodal,8º A

Este saúdo para min significa un ADEUS.Adeus ós mestresque me enseñaron e aguantaron,ós meus compañeiros cos que pasei máis ratos bos que malos.

ADEUS,no nome de tódolos nenos de oitavo.
Espero que Fiadeiro se siga publicando durante moitos anos.

Lucía Feijoo Siota,8º A

# CELSO EMILIO FERREIRO

Este ano o DIA DAS LETRAS GALEGAS está adicado a Celso Emilio Ferreiro. Para saber un pouquiño deste escritor vou dicir algunhas cousas da vida e obra del.

VIDA: Celdo Emilio Ferreiro nace en Celanova no ano 1912, estudia Bacharelato na súa vila natal, e Dereito, que non remata, en Santiago e Oviedo. Escritor español en castelán e galego. Iniciouse na súa labor poética nunha liña esteticista.

Foi emigrante en Venezuela e, despois de residir en Madrid, finou en Vigo no ano 1979.

A aparición de "Longa noite de pedra", no ano 1962, marca un fito importante na poesía galega moderna e representa a recuperación da poesía comprometida que exerceran Curros, Leiras, Pulpeiro ou Ramón Cabanillas. Esta recuperación xa a iniciara Seoane dez anos antes con "Fardel do exiliado".

OBRAS: En 1935 aparece o seu primeiro libro, co título "Cartafol de poesía" en 1955 publica "O soño sulagado" e en 1962 sae á luz o seu libro de fortna incomparable, "Longa noite de pedra".

Posteriormente, e xa nuha liña marcada pola personalidade que se construiría, publica "Viaxe ó país dos ananos", de forte contestación en varios sectores, "Paco Pixiños", "Cimenterio privado", colección de epitafios con intención satírica, e outra serie de libros dos que merece destacar "Onde o mundo se chama Celanova".

Gaspar Estévez González, 8º A

o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o o

## A CELSO EMILIO FERREIRO

A un poeta da nosa terra
estas letras vou adicar,
no Día das Letras Galegas
que hoxe imos commemorar.
Celso Emilio Ferreiro
as letras da nosa terra
divulgou polo mundo enteiro
mediante libros e poemas.
Neste periódico escolar
rendimos hoxe homenaxe
a este personaxe singular
con esta sinxela mensaxe.
Era do pobo un amigo
que se viu obrigado a emigrar
para despois voltar a Vigo
e nesta cidade finar.
Este home cantou á terra,
e tamén cantou ó mar,
a ese mar grande e fermoso
que un día tivo que cruzar.
Pero a pesar da súa ausencia
non o podemos esquecer,
por que deixou a súa herencia
nos libros que hoxe podemos ler.

Nós, os rapaces galegos,
aledámonos de poder ler
a obra de Emilio Ferreiro
e de outros autores tamén.
A obra de Celso Emilio
non queda sen rematar,
xa hai outros escritores
que a queren continuar.
Celso Emilio Ferreiro pode descans
no seu derradeiro lugar de repouso
pois a Literatura Galega actual
é unha das mellores que nunca houbo.
Este bolígrafo que escribe
non pode expresar
a tristura que sinto
porque este poema vai acabar.
Xa remato este poema,
adicado a un gran escritor
que defendeu a nosa terra
con gran firmeza e valor.

Isidro García de la Torre, 8º A

# — CONCELLOS GALEGOS —



# MAIO 89

De novo no oitenta e nove
vimos a canta-lo maio
se queres cala e escoita
e se non vai a Briallos.

Este maio que aquí vedes.
é de veras criticón
feito con flores de Lagos
e con fiuncho de Bon.

En Beluso os concellais
non anda ningún moi fino
pois só van detrás do rabo
do seu xefe, Freire Lino.

Fan o alcantarillado
por promesa electoral
e trocaron as estradas
nun tremendo barrizal.

A parroquia de Beluso
anda moi ben de alumbrado
a metade non acende
e o resto está apagado.

A oficina de "Correos"
non a poden estrear
xa que as vacas do concello
reclaman ese lugar.

Ese lugar escondido
non nolo poden quitar
o boi marchou para lonxe
e algún día voltará.

Telefónica à Beluso
teno bastante esquecido
somentes se acorda del
para cobra-los recibos.

Cerca do bar do Rianxo
puxeron unha cabina
non sirve para chamar
é para baixar petrina.

Falemos tamén agora
da comparsa de Beluso
aínda naceu este ano
e vaiche ter bo futuro.

Son todos moi bos rapaces
e noméanse "Os Penekes"
debe ser porque ó ter sede
casi todos piden leite.

Os domingos ás mañás
os anxos con moita envexa,
veñen a escoita-lo coro
que ten D. Andrés na igrexa.

Cando voltan cara o ceo
élles difícil pasar
por entre as espesas nubes
que se forman ó cantar.

Temos na nosa parroquia
galiñas, porcos e coellos
e dende hai algúns anos
apareceron "camellos".

A xente está en contra deles
e quéreos botar fora
mais eles pensan tan só
en enche-las suas alforxas.

Saben que están destruíndo
a xuventude de agora
e eles pasan de todo
había que partirlle a boca.

A señora Lola Flores
díxolle o señor Solchaga
"No soy la Lola de Hacienda
que soy la Lola de España".

Facéndome a tonta sempre
defraudei ano tras ano
e ti que te tes por listo
non me podes meter "mano".

As da alta sociedade
din que che bailan mellor
sen poñer "braguita abaixo"
e arriba "sujetador".

A Chávarri despistada
nunha festa destas "fina"
enseñou a ferramenta
porque non tiña "Cortina".

O Nicolás do Felipe
di que se vai divorciar
por culpa de Alfonso Guerra
que non os deixa chupar.

O Felipe non lle importa
que o deixe Nicolás
pois vai nomea-la Preysler
de secretaria xeral.

Rematamos este ano
que foi algo criticón
voltaremos no noventa
e mais no noventa e dous.

# EX-ALUMNOS

Esta sección de FIADEIRO vai adicada á lembranza dos rapaces que pasaron por este Colexio fai algúns anos. Non tiven ocasión de pedirlles permiso para publica-las súas composicións, pero espero contar coa súa aprobación, xa que a miña intención non ten ningunha finalidade lucrativa ou doutro tipo, simplemente:

-- Recordar con cariño a aquelos nenos e nenas que pasaron pola miña aula e que daquela sentían e escribían asi:

<u>QUEDÁMONOS SIN PATRIA</u>

(A meu pai, emigrante)

A miña terra é soave, solermiña,
pro nos ollos dos meniños
que van a escola nas mañáns frías
hai unha tristura antiga.

Celso E. Ferreiro

Nas voas arrastre un soño de séculos. anos e anos de lembranzas, de noite pecha sobor das cellas, de señardá e morte. I a terra non fala, falan as xentes. Si, eles falan, e nada din; agardan que a terra fale, i a terra, entendádeo, non fala.

Alborexa. Antre os tellados da ilesia érguese o día. No silenzo vai loiro da mañán buscan todos. Namentras, apodrece o chan de suor e coita. Reventará un día il solo. I estarei lonxe, que non me ambulla a foxa, quero alentar donantes. ¡Alentar!. Galicia, en ti non hai aer. E iles fuxiron na noite. Cedo, toparemos [illegible] voce [illegible] urizont[illegible], estrelad[illegible]; [illegible] outros, seres sen nome, sin orgullo, pero seres vivos por fin, ceibos do xugo da escravitude forzando seus queixos. E gridarán ó mundo, cara a cara: "[illegible]".

I o poeta escribira: "Si o noso pobo morre – quedémonos sin patria – pois patria e pobo son – o mesmo en dúas palabras". Pero a patria é hoxe unha pomba a quen no voo os cazadores fan moitos outorrar: I álzase. álzase outo, onde xamais chegaran os ablos. Esiste unha Galicia en cada cor, en cada ialma, porque a terra non é iso efímero, iso grande utopía dos cerebres. A Terra, a Terra miña, escrita con letra de nome sobor da carne, nunca será un xoguete nas maus do tempo, o pregue outonal dunha historia e prostituída. E mentres ise nono eterno choro Galicia vivirá na súa verba.

Os tempos fuxen. Hai intres que non voltarán a repetirse e hai intres que non quero se repitan. E por iso, mañá, en escrarecendo, esquecerei no ceo dita patria ¡miña!. Que a ialma no tempo a relembre conmigo.

En cada emigrante hai un poeta, e Galicia, a miña terra, é unha foxa común de esquecidos, de poetas da pedra e do tempo, de seres que,

na noite do olvido,perderon o seu camiño no hourizonte.I anque quixera gritar:"Pechai tódalas portas, - que xa ninguén saia",con ista voce non poido:meu corazón xa está fora.

Xosé Manuel Millán Otero,alumno de Octavo nivel no curso escolar 1977-78

Nota:As citas literarias que aparecen no escrito pertenecen a "Viaxe ao,país dos ananos",do poeta galego Celso Emilio Ferreiro.

---

ISTO É UNHA GAITA

Estas nosas costas
antes eran limpas,
hoxe stán negras.
¡Isto é unha gaita!
Este carreiro
antes tivo lama,
hoxe ten cemento.
¡Isto é unha gaita!
Aquel mariñeiro
que é labrador
será industrial.
¡Isto é unha gaita!
Esta nosa gaita,
vida do galego,
alma do gaiteiro.
¡Isto é unha gaita!
Esta nosa gaita,
¿quén ha de tocala?,
o gaiteiro pérdese.
+Isto é unha gaita!
¡Qué partidos ruins!
Isto é democracia,
todos fan magiñas.
¡Isto é unha gaita!

Daniel Millán Estévez,alumno de Séptimo nivel no curso escolar 1982-83.

ARRIBA GALICIA

Desperta Galicia
que tardaches en florecer
nesos anos de miseria e tristeza
¡Quen deles poderase esquencer!.
Os mariñeiros no mar,
as mulleres na leira,
eu nacasa,
traballan sin parar
para levantarte e facerte
forte e guapa
como ninguén poido mirar.
Serás,Galicia,o orgullo
dos emigrantes galegos e mariñeiros
que traballan na alta mar,
a envidia dos demais pobos
de España e demais nacións.
Galicia,Galicia,
desperta,deixa de durmir.
Todos querémoste mirar
brillar mais cas estrelas
e coma o sol.
¡ Desperta xa e deixa de soñar,
e fai que teus soños
sexan realidade.

Josefa Porto Rodríguez,alumna de Octavo nivel no curso escolar 1981-82.

# TRABALLOS LITERARIOS

## Galicia

Neste día en que Galicia
é raíña por un día,
todas son grandes ledicias
para a xente da campiña.

Hoxe reina a armonía,
as risas afogan o aire,
a xente pasea tranquila
sen medo a que alguén a pare.

Hoxe é un día especial,
para a Galicia enteira,
ímolo celebrar
con moitas risas e festa.

A tristeza agora escapa
non é moi ben recibida,
os cabreos e as novas malas
agardan ó vindeiro día

Galicia, feliz Galicia,
é raíña por un día,
todas son grandes ledicias,
paces, calmas e armonías.

RUT SERANTES CHAO

Galicia
Terra
Querida
Miña

## GALICIA

Un meniño pequeniño,
así era a miña terra,
medrou moi amodiño
sen que ninguén mo dixera.

Eu na América me atopaba
con desexos de voltar
o meu meniño medrara
e eu sen podelo ollar.

A miña tristeza é grande
tan inmensa como o mar
o mar dos meus mariñeiros
que a Galicia fan medrar.

Nen podía esquecer
os momentos que pasara,
tan preto dos que me queren,
tan preto dos que me aman.

De amor pola miña terra,
morrerei sen piedade
sen ve-los compañeiros
da miña mocidade.

Mª RITA DACOSTA RODAL

## O NOSO MUNDO

Unha bola de terra,frotando no espacio,recibiu a caída dunha semente que dou vida ó noso planeta.

O ardente sol erguíase sempre polo mesmo lado da súa montañosa cama.Erguíase moi cedo acariciando cos seus brazos a vexetación.

A vexetación,prantas grandes e pequenas,mostraban a súa esperanza de vivir longo tempo na súa cor.Eran asasinadas polos brancos dentes dos animais herbívoros.Mais ,a pesar diso,as prantas seguían sendo as raíñas da maior parte do planeta ata a chegada dos HOMES.

Eles comenzaron a vivir,foi uns milleiros de anos,,de séculos, establecendo o seu fogar no interior de duras e frías peñas.Dentro delas decoraban as paredes cos siluetas das súas pezas cazadas.Dos animais cazados obtiñan carne e grasas que lles servían de alimentación, xunto cos froitos salvaxes e raíces de prantas,e tamén peles,que empregaban como roupas e mantas para acende-lo lume que levamos dentro.

Logo o home foi evolucionando ó longo dos anos a través de descubrimentos e inventos.As cavernas eran grandes edificios,das súas paredes pendurában fermosos e orixinais cadros.As persoas que cazaban a maior parte delas,facíano por diversión,non por necesidade.A alimentación tamén evolucionara,xa non se comían as raíces das prantas,senón exquisitos manxares.A roupa perseguía unha moda que semellaba unha gacela que non remataba nunca de correr.As peles xa non eran para acende-lo lume,senón para presumir diante das persoas que non posuían abrigos de tan extensivo precio.

Apareceron coches desprendendo fume negro coma o carbón das minas.Carreteras que destrozaron grandes terreos cheos de vexetación. Avións e helicópteros que rompían airosos o azul do ceo que envolve á Terra.Fábricas que acababan co noso oxíxeno e coa pequenísima vida dos habitantes dos nosos ríos.

A vida do home fíxose máis cómoda,pero está continuamente destrozando a pequena semente da que xa comenzaran a brotarlos primeiros gromos.

Se o home non deixa de ser lacazán,o noso planeta só será unha bola árida e sen semente productora de vida.

Lucía López Corredoira,8º A



# SANTA COMPAÑA

Pregunteille á miña avoa o que era a Santa Compaña e ela díxome que eran os espíritus dos mortos,que andan por aí.

Logo máis tarde contoume unha cousa que lle pasara ó seu irmán e dicía que fora a Santa Compaña.Empezou así:

Unha noite viña dun baile,e nuns cruces de camiños quedou sen fala.Leváronno en peso e quedou descalzo.Chegou a casa e non podía falar.El afirmou que non vira a ninguén.Sería sobor das doce da noite.

Miña bisavoa chamou a un home (Quinquilleiro).Ese home non podía vir de día e viña de noite.O home ese díxolle a miña bisavoa que tiña que pagar nove misas (novenario)e a unha muller que fora a oílas,porque ela non podía.O home botoulle uns fumes,miña avoa dicía que eran como os que botan os curas.

Eu insistín e pregunteille máis sobor do tema.Díxome máis cousas. Onde vivían,pola noite oíron uns golpes no tellado da súa casa,e miña bisaboa dixo:Son os sinais. A mañá seguinte morreu a súa veciña,e ela dixo que era a Santa Compaña.

Contoume outra cousa,pero esta vez dixo que a oíra:Unha vez un home tiña un padriño e queríalle moito.Pero un día o padriño morreu. Tempo despois o sobriño fora a dar unha volta por aí coa súa noiva. nuns cruces de camiños mirou vir luces e oíu campaniñas e dixo un:"Huele a vivo". Dixo outro:Pasa el muerto,queda el vivo". Alí estaba o padriño e salvou ó seu sobriño dir con eles.

Teño outro avó que pensa que a Santa Compaña son homes vivos que saen pola noite disfrazados para asustar á xente ,para que a xente quede nas súas casas sen saír e eles andaren e facer o que queiran por onde lles parecera.

Miña avoa díxome uns refráns:

"De las nueve a las diez,deja la noche para quien es".

"De las doce a la una,anda la mala fortuna".

Contoullo Celia Dios Martínez,avoa de Manuel Barros Dios,alumno de 8º.

---

✱ Manoliño dicía que andaba coa Santa Compaña tódolas noites.Os veciños ríanse del e non lle facían caso. Pero unha noite Manoliño,ás doce en punto,díxolles que xa era hora de que abandonase a Santa Compaña.Esa noite os veciños oíron que decía:¡Fora,fora!

O día seguinte os veciños foron a xunto del e miraron unha fogueira con resto da súa roupa e el estaba morto.Na mesa había un papel que dicía:"A Santa Compaña marchou e eu tamén".

Contoullo Maruxa Estévez ó sua neta Mª Carmen Somoza,alumna de 8º

# Sonatinas

# 4º B

COORDINAN:
- Severo
- ARGIMIRO

Collía collía
buscaba buscaba
diante da moza
moito pecaba.
(Eloy)

## CANTA O GALO

Canta o galo
e despértame ás nove.
Canta o galo.
Que siga cantando
porque mentras canta
non chove.
(J.J. PASTORIZA)

## NAS MONTAÑAS CHOVE

Nas montañas chove
nas montañas neva.
As mpntañas son
uns dos sitios
máis fríos da Terra.
( J.J. Pastoriza)

## -LA NIÑA CANTABA-

La niña cantaba
en un prado verde
en medio de rosas,
y camelias verdes.

Con un vestido rojo
y puntos verdes,
la niña cantaba
felizmente.

Al lado de la fuente
la niña cantaba
alegremente.
El ruiseñor canta
con amor
y el pastor con dulzor.

(Argimiro Otero)

## CULTIVO A ROSA BRANCA

Cultivo a rosa branca,
tanto en Maio como en Xaneiro
no prado do amigo sincero.
As rego mentras vivo.
Mústianse cando eu morro.
Para o cruel
que me arranca
o corazón conque vivo
cultivo
a rosa branca.
(SEVERO R.S.)

Si tú fueses un gatito
y yo una sardinita
me ofrecería
para que me dieses
un mordisquito.

(Miguel A. Pazó)

## CELULOSA

Celulosa, celulosa
Chéirame no culiño
a ver se cheiro
tan ben coma
os teus fumiños.

(Eloy Torres)

## RAMÓN O COMILÓN

Ramón o comilón
foise comprar un melón.

O mirar un señor
pegoulle un bofetón.
!Que bofetón
O home deuse por melón.

Argimiro Otero.

Un meniño colúmpiase
nun parque de papel
co seu pantalón azul marino
e os seus zapatos de cor café,
cun sombreiro amarelento
o neno colúmpiase
feliz e contento.
(SARA MARTIN)



## O Lamento do canario

Dichosos os paxariños
que libres poden voar
e a todas horas do día
poden alegres, alegres cantar.
Así cantaba un canario
que estaba o pobre enxaulado
e tiña que cantar
tan só para o seu amo:
!Carceleiro, carceleiro!
- cantáballe ó seu tirano -
E o lamento do canario.

Ian voando uns paxariños
cantando ó son do vento
e ó compás do seu canto
cantaba o canario
con triste acento.




## O PEQUENO XURXO

Había unha vez un rapaz que se chamaba Xurxo e tiña 13 anos. Era tan pequeno que tódolos rapaces da súa clase ríanse del. Pero él non lle facía caso porque non lle importaba que se riran. Unha vez cansouse e díxolle a un ,era o máis se metía:

-Non te volvas meter conmigo,porque senón verás! Máis vale ser pequeno e listo que grande e burro!

O outron neno calou e xa nunca máis se volveu meter nin rir del.

Cando pasaron 17 anos ,xa tiñan 30,atopáronse no mercado e quedaron abraiados porque o Xurxo era máis alto ca eles.Despois de tantos anos pedíronll lle perdón e foron moi amigos ,máis ca nunca.

Sofía González Hermelo



## A Primavera

Xa chegou a primavera
con tódalas súas cores
Despois de tanta espera
cantan xa os reiseñores
Os campos énchense de flores,
os paxariños saen dos seus niños
Xa chegou a primavera
cos seus mil olores
e dos nosos corazóns
saen mil resplandores

4ª A

## Adiviñanzas

Grande son e grande fun
todo o mundo me adorou hasta morrer

Son moi grande e moi pequena
non teño nome.Que nome me poñerías?

O lume molestame porque son moi blando. Quen son?

Martñ Camiña González 4ª.A

P A S A T E M P O S===P A S A T E M P O S===P A S A T E M P O S===P A S A
P AXS A T E M P O S===P A S A T E M P O S=== P A S A T E M P O S ===P A S
P A S A T E M P O S===P A S A T E M P O S===P A S A T E M P O S=== P A S
P A S A T E M P O S===P A S A T E M P O S=== P A S A T E M P O S=== P A
ASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOSPASATEMPOS







Busca 7 animais

```
RACSPCDOSTRC
NPABAOUTCQUA
RQBHVERAAPSN
ZIAEFGBCNONF
MYLPNRSUOJAE
ELOCASMLKIDL
ACJCOELLOHBG
RNXAWPAÑILAG
```

Solucións:

Porco
Can
Galiña
Cabalo
Ovella
Cabra
Coello

(Por Roberto Fernández López, 8º A)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 3 | △ | ▭ | 0 |
| + | ⊙ | 2 | 6 | 3 |
| | 2 | □ | △ | ⊙ |
| 1 | 0 | △ | 8 | ▭ |

Resuelve: Símbolos iguales, números iguales.

(Por Rosana Domínguez Martínez, 8º A)

# PUBLICIDAD

Paula Fontán Curra
nº 13 7º B



HOY EN DÍA LOS CHAVALES NOS SORPRENDEN UNA Y OTRA VEZ POR SUS MAGNÍFICAS CUALIDADES PARA LOS DEPORTES Y LOS JUEGOS, COMO POR EJEMPLO EN EL MANEJO DEL MONOPATÍN



SIN EMBARGO CON ESTE INSTRUMENTO LOS CHICOS LLEGAN A SUS CASAS AGOTADOS POR COMPLETO, Y POR TANTO SIN GANAS DE HACER LOS DEBERES, COLABORANDO DE ESTA MANERA AL FRACASO ESCOLAR



PERO OLVIDEMOS LAS PENAS, PORQUE AQUÍ OS PRESENTAMOS AL "TURBOMONOPATÍN", MUY MANEJABLE SIN REQUERIR ESFUERZO. ESO SÍ, ES ACONSEJABLE TENER ALGÚN TIPO DE EXPERIENCIA.




¡ATENCIÓN!... TRES, DOS, UNO, CERO



# Rumores Rumores Rumores

CORREN RUMORES de que los Profesores van a rodarv una película,cuyo título será "Copias a mogollón".

CORREN RUMORES de que el alcalde de Cangas no dimite porque no hay Casera.

CORREN RUMORES de ós xogadores do Beluso máis co futbol vailles o boxeo.

CORREN RUMORES de que os ovos da Festa da tortilla serán cuadrados.

CORREN RUMORES de que ós Profesores gústanlle as normas.......que lles conveñen.

CORREN RUMORES de D. Ignacio e D. Xosé Manuel van promocionar unha dieta de adelgazamento.

CORREN RUMORES de que D. Xosé Feijoo vende gaseosas,pero sin gas.

CORREN RUMORES de que o Día das Letras Galegas ,o próximo ano,estará adicado a Lois que das Pena.

CORREN RUMORES de queo Colexio de Beluso é máis chulo cos demáis,e por iso,o próximo ano,ademáis de leite repartirán churros.

CORREN RUMORES de que Dña. Lucinda medrou uns centímetros desde que está en Beluso.

CORREN RUMORES de que Dña, Lucinda non quixo ir a Cabeza de Manzaneda porque alí non hai comida quente.

CORREN RUMORES de que D. Luis vende a finca de Bon porque non é bo terreo para as plantas crecepelos.

CORREN RUMORES de que Dña. Consuelo no le da ningún consuelo a sus alumnos.

CORREN RUMORES de que algún profesor,cos seus experimentos fai magiñ ñas como Mac Giver.

CORREN RUMORES de que las canas de D. Pedro no son auténticas,son reflejos (o mechas).

CORREN RUMORES de que,a partires do próximo curso, as Matemáticas non serán asignatura obrigatoria en E.X.B.

CORREN RUMORES de que na Misa de doce dos domingos as homilías son "tan cortas " que os nenos cantan:Todos queremos más....

CORREN RUMORES de que,a pesares de todo,na mencionada Misa de doce dos domingos,hai un silencio sepulcral.

CORREN RUMORES de que os Rumores deste ano non volverán a correr porque están cansados.

CORREN RUMORES de que en próximas ediciónse,con permiso da autoridade e si o tempo ó permite,seguirán correndo Rumores.



¡MARUXA! VOU VERSE QUITO O CARNET DE CONDUCIR INDA QUE SEA POR IMPOSIBLE
CARNETS.
SE ADMITEN SOBORNOS.
2º.- FILOMENO MAN-GANTE
TRABALLO NA NASA.
1º.- ¡COMO SE CHAMA!-
3º.- ¿AL É O SEU EMPREGO
JEFE
E JEFE AÍ FORA HAI UN TIPO QUE TRABALLA NA NASA-
POIS TRATEO BEN QUE NOS PODE DAR UNHA BOA PROPINA.
NASA
¡FRENE! ¡FRENE!
STOP
1.
YOSTEDE TRABALLA EN E.E.U.U.?
2.
E NON SABE QUE CANDO É UN STOP
3.
¡NON!
4.
E LOGO NON TRABALLA NA NASA.
5.-
SI CLARO NA NASA DA NÉCORA
Fin.
HASTA LA PRÓXIMA AMIGOS.
Jose Manuel Rosas Paro.
Nº23. 7ºA.

DIBUJOS: SARA MARTIN
PAULA MARTINEZ

4º B

4º B

# RISAS-CHISTES

- Vengo a pedir la mano de su hija.
-¿La mayor o la menor?
- Pues... pues yo hubiera jurado que tiene las dos manos iguales.

¿Desde cuándo trabajas en esta empresa?
Desde que me amenazaron con despedirme.

En un tren de 3ª, lleno hasta los topes, un joven asoma la cabeza por la puerta de un departamento y pregunta:
¿ Está llena el arca de Noé?
- !Pasa, pasa, que falta el burro!



Era una vez una señora muy educada y al lado había un chulo.
El chulo empieza a oler y le dice a la mujer:
¿Qué perfume usas?
- Yo uso Chanel nº5 de París.
Entonces el chulo se caga un pedo y le dice la señora al chulo:
¿ Y tú, qué perfume usas?
¿Yo? Fabas Rianxo.
(Miguel A. Pazó)



Estaban Lalo y Pepa en un Dyan 6 y empieza a llover. Entonces le dice Pepa:
- Lalo, !la lona!. Le responde Lalo:
- Pepa, !Pepona! (Severo)

Un profesor está explicando en la clase el sujeto y el predicado y dice:
- En la frase: "Pedro robó las manzanas" ¿Qué es Pedro?
Todos a coro responden: !! Es un ladrón!!
(Severo Rodríguez Somoza)

Un niño le tira el estuche al otro y le dice:
!Miérrrcoles!..
Y le dice el compañero:
-Lo dices con retraso pues hoy es jueves.
(J.J. Pastoriza.)



¿Sabes por qué los perros van detrás de los coches??.
... Porque llevan gato. (Mario Moita)

- ¿Que tal vai a colmena, Pepe?
- Vai magnífica. Mel non da, pero... xa lle picou catro veces á miña sogra.
(Severo Rodríguez S.)

Era una vez un jorobado que fue a misa. El cura esta predicando:
-Señores, Dios hizo muchos milagros.
Y uno que estaba al lado del jorobado dijo:
- ¿Entonces contigo qué hizo, un experimento?. (Rubén Darío)



Era una vez dos porreros. Fueron a misa; uno quedó fuera y otro entra. Al salir le dice uno al otro:
-¿Qué te dio el cura?
- Una ostia.
-¿Por qué?
- Porque le saqué la lengua.
(Rubén Martínez D.)

El sifón le dice al camarero:
- No me aprietes que me meo.
(Sara Martín)

Dice una farola a otra:
- Siempre dando a luz y nunca tenemos hijos.
(José A. Sanmartín)

Dos exploradores van por el desierto. Uno lleva una cantimplora. y otro una puerta de un 600.
-¿Para qué llevas esa cantimplora?.
- Para beber cuando tenga sed.
-¿ Y tú, para qué llevas esa puerta de 600?
- Para abrir la ventanilla cuando tenga calor.
( Miguel A. Pazó)



# EL COLEGIO INFORMA.....

¡¡¡ Por fin!!!.Por fin,parece ser que en un breve plazo de tiempo se van a llevarse a cabo,por parte de la Consellería de Educación,diversas obras de mejoras en nuestro Colegio.Entre otras,está previsto la construcción de un local para Laboratorio,Cubrir un patio (el del pozo) para su adaptación como gimnasio,Pintado exterior del Colegio,Cambiar toda la instalación eléctrica.....y otras.
Esperemos comenzar el próximo curso con estas obras ya realizadas.

-o-o-o-o-o-o-o-o-

Amplísimo programa,amplísimo itinerario el que está programado para la excursión fin de curso de los alumnos de Octavo.Fíjense Vds.:Beluso-Soria-Monasterio de Piedra-Barcelona-Palma de Mallorca (4 días)-Valencia-Cuenca-Madrid y regreso a casa. Visitando,por supuesto,diversos lugares de interés en las proximidades de las ciudades mencionadas,
Son 48 alumnos los que van a realizar esta excursión,acompañados de sus tutores.Todos ellos,a lo largo del curso han estado trabajando muy intensamente para reunir fondos,de tal forma que no tendrán necesidad de hacer una aportación final,no suponiendo una carga para sus padres.
Esperamos que se lo pasen estupendamente a lo largo de los diez días que va a durar la excursión (del 19 al 28 de junio ).

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

Con motivo de la celebración de la campaña de "Coñecemento e utilización da Prensa na escola",el viernes,día.21 de abril,tuvimos la suerte de contar con la colaboración de nuestro buen amigo Suso Portela,Redactor-Jefe de Faro de Vigo,quien a lo largo de todo el día se brindó para hablar a los chavales de un tema del que él tanto conoce.En amenísimas charlas explicó a los alumnos todo el proceso para la confección de un periódico,apoyando su explicación con material que él mismo había traído de la Redacción de Faro de Vigo.
Gracias,amigo Suso,y esperamos poder seguir contando con tu ayuda.

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

Dentro de la programación de visitas culturales para el presente curso escolar,los alumnos de Quinto Nivel,acompañados de sus Profesores tutores,visitaron el día 28 del pasado mes de abril las instalaciones de Faro de Vigo,el Parque Zoológico de la Madroa y el Museo "Quiñones de León",sito en el Parque de Castrelos,de Vigo.A juzgar por las informaciones facilitadas por los propios Profesores,las tres visitas resultaron de sumo interés,a la vez que un disfrute para los niños.
Quedan pendientes otras dos visitas culturales para alumnos de Octavo:
--Visita al Museo de Pontevedra,el día 12 de mayo,subvencionada por la Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
--Visita al Planetario de La Coruña y Casa de las Ciencias.

Camiñan ó meu rente moitos homes
Non os coñezo. Sonme estraños.
Pero ti, que te encontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas
coma un irmán che falo.

Común temos a patria
común a loita, ambos.
A miña man che dou
coma un irmán che falo.

Celso Emilio Ferreiro.




17 MAIO 198